

Organismo: SECRETARÍA XERAL – Servizo de Primaria

Resolución do 4 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral, pola que se publica a adxudicación definitiva dos destinos obtidos no concurso de traslados polo persoal do corpo de mestres, convocado pola Orde do 3 de decembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia do 5 de decembro).

En aplicación do disposto na disposición vixésimo sexta da Orde do 3 de decembro de 2008 (DOG do 5 de decembro), esta Secretaría Xeral,

RESOLVE:

Primeiro.- Facer pública a adxudicación definitiva dos destinos obtidos no concurso de traslados, convocado pola orde que se cita, por apartados de participación, segundo consta nos anexos I, II, e III da presente resolución.

Segundo.- No caso de que ata o 31 de agosto deste ano resultan suprimidos postos de traballo adxudicados pola presente resolución, se adxudiquen resultas inexistentes, ou estean afectados pola interposición de recursos derivados desta resolución, os destinos obtidos declararanse anulados. Os mestres afectados e que participan como forzosos, quedarán na situación de suprimidos con dereito preferente a localidade/zona na que se lle anula o posto de traballo obtido. Se participaron con carácter voluntario adquirirán o dereito preferente á localidade ou localidades e zona na que se lle anula o posto de traballo obtido ou no que tiña acreditado o destino definitivo, á súa elección, sempre e cando a súa resulta non fora cuberta.

Terceiro.- Aqueles interesados en recuperar as publicacións presentadas, poderán solicitar a devolución persoalmente ou por escrito nas dependencias da subdirección xeral

de persoal a partires do mes de setembro e ata decembro do actual ano. Transcorrido o devandito período, procederase ao arquivo da documentación.

Cuarto.- Para calquera aspecto non recollido nesta resolución, observarase o prescrito na Orde do 3 de decembro de 2008 e, en todo caso, ao establecido nos reais decretos 895/1989 e 2112/1999.

Contra a presente resolución que pon fin a vía administrativa, poderáse interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, conforme se establece nos capítulos II e III da Ley 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2009
José Luis Vázquez Fernández
Secretario Xeral